

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 31/07/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARÍA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31/07/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 26-jul-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2393

Dáse conta do Convenio Regulador de concesión directa de subvención en especie para obras de reparación sinxela e mantemento a favor da Asociación Socio-Cultural Recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe.

Ditas obras consisten na mellora e o adecentamento do interior das instalacións da sede da Asociación, ubicada na rúa A Canteira nº23 A Laxe, consistindo as obras en "Cubrir a zona de cuberta plan con claraboias, ampliando a cuberta existente do Centro socio-cultural contra Vento e Marea de A Laxe. Estas obras de reparación mellorarán as condicións nas que se levan a cabo as actividades, permitindo o seu correcto funcionamento.

O Concello de Vilagarcía comprométese a colaborar cunha achega de 4.394,12€ con cargo á partida 334-48201, do orzamento municipal para o exercicio 2023, para levar a cabo as obras descritas na sede da Asociación Socio-Cultural Recreativa Contra Vento e Marea de A Laxe situada en A Laxe e, e que serán executadas pola empresa Construcciones Metálicas Cuevas, S.L.

PRP2023/2627

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Luís García Vega, denunciando o estado de abandono do edificio privado situado na rúa San Roque nº8, solicitando unha revisión do mesmo. Dáse conta do informe da Policía Local no que se sinala que hai un cable de cor branca que levemente colga dunha ventana a outra, sen supoñer supostamente algún perigo para o edificio e para a cidadanía viandante.

Tamén se observa unha planta marchita de grande dimensión que colga do cuarto andar, a que podería chegar a ser un risco polo seu posible desprendemento á calzada ou beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requerir á comunidade de propietarios do citado edificio para que levan a cabo as medidas oportunas para arranxar as deficiencias

descritas.

PRP2023/2633

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria Teresa García González, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados na Rúa Concepción Arenal.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que na citada rúa non existe ningunha praza de discapacitados nin na rúa próxima.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de discapacitados na rúa Concepción Arenal, coincidindo coa intersección con rúa San José.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro Rubianes).

PRP2023/2634

Dáse conta do escrito presentado por D. José Abal Díaz de queixas por maleza e mala sinalización en Trabanca Sardiñeira, visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle o seguinte:

- Requerir a ADIF a limpeza da maleza que afecta ás partes elevadas, xa que proceden dunha parcela colindante propiedade de ADIF.
- Faráse un estudo xeral para colocación de badens reductores de velocidade.
- Levaráse a cabo controles da velocidade por parte da Policía Local.
- En canto á falicitar a saída do garaxe propiedade do solicitante, acórdase aprobar a colocación dun espello que correrá da súa conta, fronte á vivenda, de xeito que quede pegado ao muro e non entorpeza nin dificulte a circulación.

PRP2023/2636

Dáse conta de escrito presentado por Don Lino Hermida Monteagudo, solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para discapacitados na rúa Extramuros.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica que na citada rúa non existe ningunha praza de discapacitados nin na rúa próxima.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de discapacitados na rúa Extramuros, ao lado esquerdo no sentido circulatorio, para facilitar o acceso á beriarrúa.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro Rubianes).

PRP2023/2651

Dáse conta do escrito presentado por Falcoga Gestión Integral, S.L. solicitando autorización para instalación de Fodd Truck en Avda da Mariña, enfrente ao bar Tapeo e Pequeño Bar, durante o mes de agosto de 2023. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que non e posible autorizar a instalación todo mes de agosto, solo se conceden permisos en días puntuais e festas.

PRP2023/2652

Dáse conta do escrito presentado por D. Agustín Fidel Fernández solicitando un novo paso de peóns e a limitación da circulación de vehículos pesados na Avda Rosalía de Castro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o informe da Policía Local, ao

Servizo Provincial de Estradas e Infraestruturas en Pontevedra, titular da Estrada onde se solicitan as melloras de sinalización.

PRP2023/2642

Dáse conta de escrito presentado por Dona Adriana Sánchez Bestilleiro, solicitando autorización para instalar un camión exposición de 17 m. de longo os días 22, 25, 26 de setembro dentro do desenvolvemento do programa "Coidados Porta a Porta", da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, sendo precisa unha toma eléctrica.

Visto o informe da Policía Local acordase:

- Denegar a ocupación da Praza da II República o día 22 de setembro por coincidir con outras actividades xa programadas no Auditorio Municipal

- Acceder á ocupación os días 25 e 26 de setembro, debendo axustarse ás seguintes condicións: Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En canto á colocación de carteis solicitada, deberán indicar a ubicación exacta de dita colocación.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Electricidade.

PRP2023/2660

Dáse conta de escrito presentado por C.D. Fincas e/n C.P. Garaxes Junquera, solicitando a instalación dun espello na Avda de Dr. Tourón á altura da saída do garaxe da comunidade, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos dado que ten reducida considerablemente a visibilidade á hora de manobrar a saída

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local con anterioridade á instalación do mesmo para a fixación da súa ubicación co fin de que non sexa un obstáculo para a circulación peonil nin de vehículos.

PRP2023/2646

Dáse conta do escrito presentado por Don Nicolas Rodríguez Treviño solicitando entrega dun patinete inmovilizado pola Policía local. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda autorizar a retirada do patinete polo solicitante previo pago das taxas correspondentes, si ben non poderá utilizalo nas vías públicas abertas ó tráfico, xa que non se corresponde cos requisitos e tipoloxía deste tipo de vehículos, posto que non pode superar o vehículo a velocidade permitida de 25 km/h.

PRP2023/2667

Dáse conta do escrito presentado por Asoc. Cultural Mesa das Verbas, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia, o 4 de agosto de 2023, a partir das 20:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000,00€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/2710

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Pedrido Feans usuario dos garaxes sitos na Avda Rodrigo de Mendoza 66, solicitando sinalización adecuada da saída dos mesmos, xa que os bolardos colocados rompen constantemente.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda comunicarlle que se vai levar a cabo a sinalización de estacionamento de motos con aros.

PRP2023/2684

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal “autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17”.

Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:

“1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.”

En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar a ampliación de 1 hora sobre o horario de peche do seguinte establecemento de espectáculos públicos e actividades recreativas aberto ao público, durante as fins de semana e festivos do período que vai dende o 1 de xullo ata o 15 de setembro de 2023, no local GIC TONIC. Esta ampliación de unha hora, se suma á media hora a que fai referencia o artigo 7 da orde de 23 de outubro de 2020, polo que, será en total hora e media, as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Indicar que, se a Policía Local informa sobre incumprimentos en materia de horarios, ruídos, etc. se suspenderá a ampliación de horario para o establecemento denunciado.

PRP2023/2712

Dáse conta do escrito presentado por D. Antonio Barreiro Correo e/n Asociación Cultural O Castro, solicitando autorización para realizar concertos durante a Festa da Auga os días 15 e 16 de agosto na praza do Castro. A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá indicar o horario da citada actividade.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2023/2706

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 2º trimestre do ano 2023.

Mes de abril: 58.118,92 €

Mes de maio: 60.292,24 €

Mes de xuño: 60.490,72 €

Regularizacións do/s período/s 01/01/2023-31/03/2023: 6.718,98 €

Total nómina neta 2º trimestre: 185.620,86 €

Total devengado: 185.620,86 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2023/2671

Dáse conta da xustificación final da subvención do programa de fomento do emprego da Diputación "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2022-2023 "

A contía máxima das subvencións que se concede por cada contrato formativo segundo a categoría e titulación requirida foron as seguintes:

- Licenciatura/ grao ou diplomatura 1.300€/mes ata un máximo de 15.600€
- Ciclo superior de Formación Profesional 1.100€/mes ata un máximo de 13.200€

A retribución polo tempo de traballo efectivo foi a fixada no convenio colectivo aplicable para estes contratos ou no seu defecto a do grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas.

O salario non pode ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, pode ser inferior ao SMI vixente. O Concello correu co gasto que debe suplementar ata acadar o custo laboral total que lle corresponda á súa categoría polo convenio colectivo aplicable, incluída a cota empresarial á Seguridade Social e os incentivos, produtividade e/ou outros conceptos salariais derivados da relación contractual coa entidade.

Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

A subvención concedida para a contratación das catro traballadoras en formación foi de 60.000€ para un contrato a tempo completo por 12 meses, sendo a aportación do concello de 24.897,31€ por ese mesmo período.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/2709

Dáse conta de resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se concede a este Concello unha subvención, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, polo importe de 27.000,00 € para a contratación dunha técnica polo período de un ano, a contar dende o 1 de febreiro de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/2683

O Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por unanimidade, na súa sesión do día 15 de novembro de 2016, unha Proposición non de Lei pola que se instaba ao Goberno para promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. O pasado decembro do 2017 ratificouse dito Pacto.

Mediante Resolución de transferencias de 17 de xullo de 2023 da Secretaría de Estado de Igualdade para o exercicio 2023, o Concello de Vilagarcía de Arousa é beneficiario da cantidade de 24.288,28 (BOE 20 de xullo de 2023).

A competencia no Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación aos programas e proxectos en materia de igualdade e violencia, obxecto destes fondos, corresponde a Área de Igualdade-CIM.

Por todo o anterior, A Xunta de Goberno Local acorda:

- Sexa incorporada ao orzamento da Área de Igualdade-CIM para o presente ano a cantidade de 24.288,28€ para poder iniciar accións encaminadas a cumprir coas medidas do Pacto de Estado no período 01 xullo 23 . 30 xuno 24.
- Que os fondos deste proxecto que non estean comprometidos a data de 31 de decembro de 2023 se incorporen ao orzamento do 2024 para continuar coa súa execución ata o 30 de xuño, data na que finaliza o proxecto.

Así mesmo acórdase:

- Que o período de execución destes fondos é o comprendido entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024.
- Debendo estar xustificadas a 30 de setembro de 2024 como data límite.

PRP2023/2874

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno de data 10/07/2023 de convalidación do gasto correspondente ao deseño do cartel para a difusión do curso "Auxiliar de Almacén" organizado polo CIM, e o recoñecemento de obriga da factura nº1323, de Cristina Durán Recuna.

Onde dí: por importe de 53,00 €(ive engadido), debe dicir: 60,50€(ive entadido), con cargo á partida 2312-22602.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o citado erro.

CULTURA

PRP2023/2857

Na Xunta de Goberno Local de data 20-02-2023 se acorda a prórroga de Convenios Económico-Culturais para os Centros Culturais Municipais e Non Municipais, sendo o importe aprobado de 1.800,00€ para cada unha das Asociación asinantes.

A Asociación de MM.RR. de Trabanca Sardiñeira, non presenta en tempo e forma (segundo o establecido no convenio) orzamento para o seu trámite correspondente.

Con data 10-04-2023 se asina CONVENIO REGULADOR DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN EN ESPECIE PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN. SINXELA E MANTEMENTO A FAVOR DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO O SIXTO, POR

IMPORTE DE 12.148,00€. ASÍ MESMO O CENTRO CULTURAL COMPROMÉTESE A RENUNCIAR A AXUDA ECONÓMICA QUE O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA ADICA NO SEU

ORZAMENTO ANUAL PARA COLABORAR COAS ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES QUE XESTIONAN OS CENTROS VECIÑAIS DE NON TITULARIDADE MUNICIPAL, COMO É ESTE CASO, DURANTE 2 ANOS (2023 e 2024).

Segundo o exposto anteriormente, existen un sobrante de 3.600,00€ polo que se deberá anular e reintegrar a partida correspondente.

Por todo elo a Xunta de Goberno Local Acorda a anulación das cantidades establecidas para o gasto de Convenio Económico-Cultural para o Centro Cultural de Trabanca Sardiñeira (AA.MM.RR. DE TRABANCA BADIÑA) por importe de 1.800,00€ e CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO O SIXTO (CENTRO CULTURAL NON MUNICIPAL) por importe de 1.800,00€ e se reintegre a partida correspondente.

PRP2023/2858

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por importe de 3.088,83€ para seguro de responsabilidade civil Festas de San Roque 2023, a favor de MGS, Seguros y Reaseguros SA (Willis Eberia Correduria de Seguros y Reaseguros SA), con cargo á partida 338.224, correspondente á Póliza R.C. Festexos, acórdase así mesmo o abono da mesma con carácter unxente unha vez presentada a factura.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2023/2672

Dáse conta do expediente de contratación CT 36/2023 tramitado mediante Procedemento Aberto e tramitación ordinaria para adxudicar o contrato denominado "Arrendamento con mantemento (RENTING) de tres vehículos para a Policía Local", cun orzamento de licitación de 222.000,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Andacar 2000, S.A.
- Autos Iglesias SL

A mesa de contratación acordou excluír ao licitador ANDACAR 2000, S.A., porque presentou no sobre 2(oferta técnica) a información relativa ás melloras evaluables automaticamente (concretamente indicou cales ofertaba e cales no).

Unha vez aplicados os criterios de valoración que figuran no PCAP, ao único licitador admitido Autos Iglesias, S.L., o resultado é o seguinte:

- Criterios suxeitos a xuízo de valor(proposta técnica) 22 puntos.
- Criterios evaluables automaticamente:

- Menor prezo ofertado polo licitador : 30 puntos.
- Mellora: Entrega y recogida dentro del término municipal de Vilagarcía del vehículo de sustitución puesto a disposición de la Policía: 15 puntos
- Mellora: Dotación dun rastrillo para uso: 5 puntos
- Mellora: Incremento do número mínimo de km anuais a recoller por cada vehículo e que figura contemplado na cláusula 7 del PPT : 1 punto
- Disminución do importe de abono €/km no caso de km recorridos de mais: 0 puntos.
- Mellora: Dotar aos vehículos con puente de luces con panel de mensaxes (homologado) :

15 puntos.

- Polo incremento do importe de abono €/km no caso de km recorridos de menos sobre o mínimo sinalado na cláusula 7 del PPT: 0,3 puntos

Segundo a avaliación das propostas presentadas polos licitadores, conclúese a seguinte lista, clasificada de forma decrecente segundo as puntuacións obtidas:

Orden: 1NIF: B27014398 AUTOS IGLESIAS, S.L. Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV: 22

Total criterios CAF: 66.3

Total puntuación: 88.3

Orden: 2NIF: A12363529 ANDACAR 2000, S.A. (excluido)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato denominado “ Arrendamento con mantemento (Renting) de tres vehículos para a policía local ”, cun orzamento de licitación de 183.471,07€ (sin IVA) y de 222.000,00€ (IVA incluído), á empresa con NIF B27014398 AUTOS IGLESIAS, S.L., de conformidade coa súa oferta, por ser esta a mellor valorada e, polo tanto, con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

A oferta presentada pol empresa AUTOS IGLESIAS, S.L. é a seguinte:

Oferta tres vehículos Ford Kuga ST-LINE 2.5 DURATEC FHEV 14 KW (190 CV), pola cantidade de 174.816,00 € (IVA excluído), a esta cantidade lle corresponde un IVA de 36.711,36 €, o que totaliza unha oferta de 211.527,36 € (IVA incluído), co seguinte desglose:

| ARRENDAMIENTO * | | | MANTEMENTO | | |
|---------------------------------|------------|--------------|-------------------------------|-----------|--------------|
| Prezo global total arrendamento | | | Prezo global total mantemento | | |
| Sin IVA | IVA (21%) | IVA incluído | Sin IVA | IVA (21%) | IVA incluído |
| 146.880,00€ | 30.844,80€ | 177.724,80€ | 27.936,00€ | 5.866,56€ | 33.802,56€ |

*Inclue os costes do seguro

| Total contrato (3 vehículos *48 meses) | Oferta sin IVA | IVA | OFERTA+IVA |
|--|----------------|-------------|--------------|
| Total Arrendamento | 135.360,00 € | 28.425,60 € | 163.785,60 € |
| Total mantemento | 27.936,00 € | 5.866,56 € | 33.802,56 € |
| Precio total seguro | 11.520,00 € | 2.419,20 | 13.939,20 € |
| precio total | 174.816,00 € | 36.711,36 € | 211.527,36 € |

Sendo o desglose mensual por vehículo o seguinte:

| Desglose mensual por vehículo | | | |
|---|------------|----------|------------|
| Cota mensual arrendamiento por vehículo | 940,00 € | 197,40 € | 1.137,40 € |
| Cota mensual manteniemento por vehículo | 194,00 € | 40,74 € | 234,74 € |
| Cota mensual seguro por vehículo | 80,00 € | 16,80 | 96,80 € |
| Total cota mensual por vehículo | 1.214,00 € | 254,94 € | 1.468,94 € |

- Precio euros/km: 0,00 €.

- Cargo por Km. realizado en exceso durante o período contratado: 0,00 €/km.
- Alza do importe do abono €/km no caso de km. recorridos de menos sobre o mínimo (35.000 km/año por vehículo) sinalado na cláusula 7 do prego de prescripciones técnicas particulares: 0,06 €/km.
- Os vehículos se matricularán a nome do contratista
A citada oferta inclúe as seguintes melloras:
 - Entrega e recollida dentro do término municipal de Vilagarcía do vehículo de substitución posto a disposición da Policía Local.
 - Dotación dun rastrillo para uso policial.
 - Dotar aos vehículos con puente de luces con panel de mensaxes (homologado) (Puente de sinalización prioritaria de baixo perfil marca FEDERAL SIGNAL VAMA, modelo TRAFFIC STORM).
- Incremento do número mínimo de Km/año a percorrer por cada vehículo e que figura contemplado na cláusula 7 do PPT: 500 km/año por vehículo (total: 1500 km/anuais para os 3 vehículos).

PRP2023/2682

Dáse conta do expediente de contratación CT 51/2023-e tramitado mediante Procedemento Negociado sen Publicidade, para adxudicar o Contrato privado denominado "Actuación do cantante Rayden nas festas de San Roque 2023", cun tipo de licitación de 24.200,00€ (IVE incluído).

Polo licitador Play Plan Cultural S.L.U.(CIF: B94168705) presentouse a seguinte oferta (oferta o mesmo prezo na oferta presentada inicialmente e na definitiva):

| NIF | LICITADOR | IMPORTE SIN IVE | 21% IVE I | IMPORTE CON IVE |
|-----------|--------------------------|-----------------|------------|-----------------|
| B94168705 | Play Plan Cultural S.L.U | 20.000,00 € | 4.200,00 € | 24.200,00€ |

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos que rexen a licitación, a valoración da oferta é a seguinte:

| NIF | LICITADOR | OFERTA ECONÓMICA SEN IVE | OFERTA ECONÓMICA CON IVE | PUNTUACIÓN | MOTIVO |
|-----------|------------------------------|-----------------------------|-----------------------------|------------|--|
| B94168705 | Play Plan Cultural S.L.U. | 20.000,00€ | 4.200,00€ | 0,0 puntos | Mellor oferta en aplicación criterio valoración previsto no PCAP. Oferta o prezo de licitación |

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato denominado Contrato privado da "**Actuación do Cantante Rayden nas festas de San Roque 2023**", con un **presupuesto de licitación** de 24.200,00€ (IVA incluído) á seguinte empresa: **CIF:B94168705 Play Plan Cultural S.L.U. , de conformidade coa súa propia oferta** en aplicación co único criterio de valoración (prezo) previsto no PCAP, con cargo á aplicación orzamentaria 338-22609. Oferta do licitador:

| CIF | LICITADOR | IMPORTE SIN IVA | 21% IVA | IMPORTE CON IVA |
|-----------|--------------------------|-----------------|-----------|-----------------|
| B94168705 | Play Plan Cultural S.L.U | 20.000,00€ | 4.200,00€ | 24.200,00€ |

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/2716

De conformidade coa Operación de Comunicación de la EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor aprobado, tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo persoal do Departamento de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura tramitada mediante contrato menor:

| PROVEEDOR | FACTURA | IMPORTE | APLICACIÓN | OBRA/SUMINISTRO/SERVICIO |
|--------------------|---------------|-----------|-------------|--|
| | 2023F0000854 | | 926-2269917 | |
| FARO DE VIGO, S.A. | | 1.433,85€ | | PUBLICIDAD POSTA EN MARCHA DO SERVIZO VAIBIKE. |
| | REG 2023/4592 | | AD 23/3046 | |

FINANCIACIÓN FONDOS FEDER:

Líña de actuación EDUSI_AT_99994.1a. VILAGARCÍA DE AROUSA-COMUNICACIÓN, Proxecto 2018-3-DUSI-7 e aplicación orzamentaria 926-2269917.

PRP2023/2720

Visto o expediente de gasto INT/2023/357 integrado pola relación de xustificantes F/2023/73 por importe de 50.443,31€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para as facturas (F/2023/1934, F/2023/1935, F2023/1936 e F/2023/3237) incluídas na relación N° F/2023/73 por importe total de 1.306,27€

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/73 por importe de 50.443,31€. co seguinte desglose:

| Nº Entrada | Nº Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Programa | Económica | Nombre | Texto Explicativo |
|-------------|--------------|------------|---------------|----------|-----------|-----------------------|--|
| F/2023/1934 | 522783563 | 27/09/2022 | 68,97 | 920 | 213 | VODAFONE ESPAÑA, S.A. | Total servicio (AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es https://web.service.face.gob.es/facturaspp) |

| | | | | | | | |
|-------------|------------------|------------|----------|------|-------|--|--|
| F/2023/1935 | 522817285 | 30/11/2022 | 802,23 | 920 | 213 | VODAFONE ESPAÑA, S.A. | Total servicio (AAPP_devolucionfacturas_F ACE@vodafone.es https://web.service.face.gob.es/facturasspp) |
| F/2023/1936 | 522813812 | 23/11/2022 | 310,97 | 920 | 213 | VODAFONE ESPAÑA, S.A. | Total servicio (AAPP_devolucionfacturas_F ACE@vodafone.es https://web.service.face.gob.es/facturasspp) |
| F/2023/3221 | Emit- 14580 | 15/05/2023 | 150,00 | 338 | 224 | SVRNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA | SVRNE ACCIDENTES COLECTIVOS (POLIZA N° 20230120319367 PRODUCTO SVRNE ACCIDENTES COLECTIVOS RECIBO N° 2037253 SERVICIO: |
| F/2023/3235 | B/370 | 28/03/2023 | 124,10 | 164 | 22199 | CARREIRA GARCIA, OSCAR | SUMINISTRO PARA CEMENTERIOS DE HIGIÉNICO DOM. SEDACEL Y BOBINAS INDUST. LEVIAN. |
| F/2023/3236 | B/369 | 28/03/2023 | 156,57 | 164 | 22199 | CARREIRA GARCIA, OSCAR | SUMINISTRO PARA CEMENTERIOS DE HIGIÉNICO DOMESTIC Y BOBINAS INDUSTRIAL RENO. RE. |
| F/2023/3237 | B/368 | 28/03/2023 | 124,10 | 164 | 22199 | CARREIRA GARCIA, OSCAR | SUMINISTROS PARA CEMENTERIOS DE HIGIÉNICO DOM. SEDACEL 50M Y BOBINAS IND. DC 450M |
| F/2023/3242 | Emit- 454 | 28/04/2023 | 508,32 | 164 | 22199 | INTERMACO, S.L. | BOTE ESPUMA 60 S (N° ALBARAN 736 RESPONSALBE COMPRAS JUAN J. EXPOSITO) / BOTE LIMPIADOR ESPUMA (N° ALBARAN 736 RESPON |
| F/2023/3401 | O000070/2023 | 11/05/2023 | 40,93 | 920 | 22199 | FARMACIA VALDES C.B. | SUBMINISTRO MEDICAMENTOS |
| F/2023/3599 | FAV-23100-002195 | 31/05/2023 | 2.286,90 | 9201 | 22799 | AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, S.L.U. | Tres jornadas de formación da aplicación informática de contabilidade (SICALWIN), PRP2022/4539 (Tres jornadas de formac |
| F/2023/3602 | F 231023 | 31/05/2023 | 520,30 | 231 | 22000 | GRAFICAS ANDURIÑA, SCG | Carpetas a 1/0 tintas con una solapa de 9 cm., 2 hendidos y plegadas a 22x32 SERVICIOS SOCIAIS |
| F/2023/3682 | A 3198 | 31/05/2023 | 1.350,00 | 231 | 22610 | BONVEHI SAN MARTIN, MARIA KATIA | SESIONES DE FISIOTERAPIA EN CLINICA SAF MAYO (Oficina Contable L01360600 Intervención General Órgano Gestor |

| | | | | | | | |
|-----------------|-----------------|----------------|----------|------|-------|--|--|
| | | | | | | | L01360600 |
| F/2023/3 719 | 096/23 | 31/05/20 23 | 297,10 | 920 | 22000 | PAPELERIA ARINES, C.B. | SUBMINISTRO DIVERSO DE MATERIAL DE OFICINA (ADMINISTRACIÓN XERAL) |
| F/2023/3 742 | A2010 2023/0891 | 31/05/20 23 | 1.863,40 | 9201 | 22799 | IMATIA INNOVATION, S.L. | Formación sobre formularios dinámicos (Cividas) |
| F/2023/4 044 | 23 020 | 09/06/20 23 | 3.673,26 | 231 | 22610 | AGORA ABERTA S.L.N.E. | ConciliaTardes. Programa de protección á infancia. Mes de maio 2023. Curso 2022-2023 |
| F/2023/4 085 | 00458 | 31/05/20 23 | 462,00 | 231 | 22799 | LAGO CASCALLAR, PEDRO | PRESTACIÓN SERVICIOS PODOLOGÍA COMPLEMENTARIO AL SERVICIO DE AYUDA EN EL HOGAR. |
| F/2023/4 233 | F06000R-34841 | 16/06/20 23 | 61,70 | 323 | 212 | SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. | FLOOD LED 30W/3000K BK 100DEG IP65 (Obra: 323 GALIÑA AZUL VILLAJUAN) |
| F/2023/4 234 | F06000R-34838 | 16/06/20 23 | 390,95 | 165 | 213 | SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. | TFORCE CORE LED HPL 18W E27 840 FR (Obra: 165 VARIOS) |
| F/2023/4 235 | F06000R-34840 | 16/06/20 23 | 215,95 | 323 | 212 | SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. | FLOOD LED 30W/3000K BK 100DEG IP65 (Obra: 323 GALIÑA AZUL VILLAJUAN) |
| F/2023/4 236 | F06000R-34839 | 16/06/20 23 | 185,09 | 323 | 212 | SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U. | FLOOD LED 30W/3000K BK 100DEG IP65 (Obra: 323 GALIÑA AZUL VILLAJUAN) |
| F/2023/4 237 | FAC-VIL23-05648 | 14/06/20 23 | 219,03 | 160 | 213 | SIGALTEC, S.L | ANGULO INOX A-304L MATE 25x25x3 / BARRA CALIBRADA INOX A-304 8mm / PERFIL EN U INOX A- 304 15x15x15x1 BA+PVC |
| F/2023/4 251 | Emit- 1002276 | 15/06/20 23 | 92,55 | 334 | 212 | E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL | HIERRO FORMA U DE 60 |
| F/2023/4 261 | SAD 23970479 | 15/06/20 23 | 6.073,60 | 231 | 22725 | ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. | SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE LIBRE CONCURRENCIA DURANTE EL MES DE MAYO |
| F/2023/4 271 | 4050592113 | 31/05/20 23 | 309,28 | 165 | 22199 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | GUANTES TIGERFLEX PLUS T10 / GUANTES TIGERFLEX PLUS T9 / GUANTES TIGERFLEX |

| | | | | | | | |
|-----------------|-----------------|----------------|-----------|------|-------|--|--|
| | | | | | | | PLUS T8 |
| F/2023/4 272 | 4050643698 | 12/06/20 23 | 369,32 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/2023/4 273 | 4050623183 | 07/06/20 23 | 553,97 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/2023/4 274 | F 231146 | 20/06/20 23 | 719,95 | 432 | 22602 | GRAFICAS ANDURIÑA, SCG | Planos a 4/4 tintas plegados en acordeon en 6 cuerpos y al medio a T/10x22 cm. CASTELLANO |
| F/2023/4 277 | FV 230694 | 26/05/20 23 | 18.099,67 | 9201 | 22706 | OZONA TECNOLOGIAS DE LA INFORMACION, S.L. | Fortinet 101F (Firewalls) / Licencias Windows Server 2022 Standard 16 cores OEM / Servizos de instalación e migración da |
| F/2023/4 408 | F007- 23 | 02/06/20 23 | 380,34 | 160 | 213 | ALDIESA, S.L.U. | ORDEN DE COMPRA N°8343. FECHA: 02/06/2023. CÓDIGO DE SERVICIO Y SERVICIO: SANEAMIENTO-AB.DISTR AGUA. NTRA. RFª PRESUPUES |
| F/2023/4 415 | 4050679854 | 19/06/20 23 | 359,08 | 1720 | 22199 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | ACEITE PARA MOTOR DE DOS TIEMPOS 5LITRO / IMPUESTO DE RESIDUOS DEL ARTICULO 0897995005075 1 |
| F/2023/4 416 | 4050484424 | 12/05/20 23 | 553,97 | 1720 | 213 | WÜRTH ESPAÑA, S.A. | FILOBRUSH-3MM-200M-SQUARE |
| F/2023/4 523 | VIG01 23004190 | 30/06/20 23 | 3.458,58 | 2311 | 22701 | GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A. | SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M |
| F/2023/4 527 | Emit- 135 | 30/06/20 23 | 954,41 | 9201 | 22200 | INSERPyme GLOBAL, S.A. | GENERICO CENTRALITA 14-CUOTA 2º TRIMESTRE CENTRALITA OSBIZ X8 |
| F/2023/4 528 | Emit- 136 | 30/06/20 23 | 79,86 | 334 | 22200 | INSERPyme GLOBAL, S.A. | GENERICO CENTRALITA 14-CUOTA CORRESPONDIENTE AL 2º TRIMESTRE |
| F/2023/4 557 | 02148000015223F | 30/06/20 23 | 2.621,45 | 2311 | 22700 | CLECE, S.A. | EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL |

| | | | | | | | |
|-----------------|-----------------|----------------|-----------|------|-------|---------------------------|--|
| F/2023/4 559 | 02148000014523F | 30/06/20 23 | 1.713,92 | 3261 | 22700 | CLECE, S.A. | Servizo de limpeza CONSERVATORIO Junio de 2023Importe servizo |
| F/2023/4 622 | 23177 | 15/06/20 23 | 261,11 | 1720 | 213 | PADIN FRANCISCO SILVA, | REPARACIÓN DESBROZADORA 545 RX E REPARACIÓN ARRANQUE SOPLADOR STIHL. MEDIO AMBIENTE. |
| F/2023/4 628 | 23178 | 15/06/20 23 | 30,38 | 164 | 22199 | PADIN FRANCISCO SILVA, | ARANDELA, TUERCA CODO.CEMITERIOS |
| | | TOTAL | 50.443,31 | | | | |

PRP2023/2721

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° CATRO (2023/5222), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE NAVE PORTUARIA PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/5050), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/17/2021 por importe de 15.469,02€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° CATRO (2023/5222), derivada da execución do contrato de obras denominado "ACONDICIONAMENTO DE NAVE PORTUARIA PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/5050), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado PREST (2) 01/17/2021 por importe de 15.469,02€, co seguinte desglose:

| REX. | N° de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|------|------------|------------|------------|----------------------------------|--|--------|-------|
| 5222 | CATRO | 18/07/2023 | 15.469,02€ | REVCOM ENERGIAS RENOVABLES, S.L. | CERT. CATRO OBRA ACONDICIONAMENTO NAVE PARA ACTIVIDADES NAUTICAS E DEPORTIVAS. | 342 | 723 |

PRP2023/2722

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° ONCE (2023/5221), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/4462), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado REACP (2) 01/01/2022 por importe de 84.575,01€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° ONCE (2023/5221), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con N° de rexistro

2023/4462), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado REACP (2) 01/01/2022 por importe de 84.575,01€, co seguinte desglose:

| REX. | Nº de Doc. | Fecha Dto. | Importe | Nome | Texto Explicativo | Progr. | Econ. |
|------|------------|------------|------------|----------------------|---|--------|-------|
| 5221 | ONCE | 28/06/2023 | 84.575,01€ | OBRAS GALLAECIA S.L. | CERT. ONCE. OBRA REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL | 3321 | 63200 |

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:42 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.